



A pediculose é a infestación por piollos na cabeza (pelo e coiro cabeludo): Está producida por un parasito que se chama *Pediculus humanus capitis*, que só infesta os humanos. Pode atoparse en forma de adulto, ninfa e ovo, chamado lendia. Os piollos sobreviven un ou dous días fóra da cabeza, e as lendias fan menos dunha semana.



Epidemioloxía: Normalmente afecta os nenos entre os tres e os once anos de idade. Trátase dun problema común en todo o mundo e transmítese persoa a persoa polo contacto de cabeza con cabeza, que é máis frecuente que se produza na familia e na escola, durante os xogos, actividades deportivas, campamentos, etc. Tamén se pode transmitir por obxectos: polo uso de peites, toallas, uniformes deportivos, roupa de cama e xoguetes (peluches), entre outros. Non se transmite polos animais domésticos.

Que síntomas producen?: A maioría das veces non producen ningún síntoma, mais pode ter picor na cabeza, debido á reacción alérxica á saliva do piollo, sensación de cóxegas por algo que se move no cabelo, irritabilidade e rascado frecuente da cabeza, que pode provocar a aparición de infeccións bacterianas.



Diagnóstico da pediculose: Faise ao observar o piollo adulto movéndose no pelo ou no coiro cabeludo do neno. A observación de numerosas lendias na cabeza é altamente suxestiva de infestación activa, mais atopar só lendias non sempre indica infestación, xa que poden estar mortas debido a unha infestación antiga. Cando a infestación está activa as lendias sitúanse a 6 mm do coiro cabeludo, e se é antiga fano a máis de 2 cm do coiro cabeludo e non constitúen perigo. Convén revisar sobre todo a parte da noca e detrás das orellas. Recoméndase facelo co cabelo húmido e cun peite para lendias.

Medidas que compre adoptar nos fogares:

Cando se sabe que un neno ten piollos hai que iniciar o tratamento rapidamente e, se o neno acode á escola, avisarase desta situación o máis pronto posible. Tamén é preciso revisar a cabeza de todas as persoas que viven no fogar. Ademais, tomaranse as medidas seguintes:

- ❖ Lavar a roupa interior, toallas, roupa de cama en uso e outras roupas e obxectos do neno infestado usados dende dous días antes á máquina cun programa de temperatura mínima de 55°C. Aquela que non se pode lavar (peluches, monecos, cintas para o cabelo...) pecharase nunha bolsa durante dúas semanas ou ben lavaranse en seco. Fregar os cepillos e peites con alcohol, ou ben con auga, quente a 55°C, ou con xabón polo menos durante unha hora. Hai que educar os nenos para que non compartan peites e outros obxectos persoais.
- ❖ Aspirar alfombras e mobles tapizados.
- ❖ Non compartir roupa deportiva, bufandas, cintas para o cabelo...



Tratamento dos piollos: Os produtos para os piollos, nas súas diferentes presentacións, constitúen o tratamento de elección. O tratamento consta de **dúas aplicacións**, unha no día do diagnóstico, e a outra unha semana despois, dado que a aplicación inicial non mata todos os ovos e pode quedar algún ovo vivo. Deberase de tratar cando se diagnostique infestación activa (ver sección diagnóstico).

O tratamento máis recomendado pola súa capacidade de matar os ovos, a súa alta acción residual e os seus escasos efectos secundarios é a **permetrina ao 1%**, que é tóxica para o sistema nervioso do piollo.

Aplicarase segundo as instrucións que figuren no prospecto que acompaña ao produto.

Recoméndase:

- ❖ Aplicar con maior atención na parte da noca e detrás das orellas.
- ❖ Peitear o cabelo cun peite metálico para lendias, para quitar as lendias e os piollos mortos.
- ❖ Deixar secar o cabelo ao aire.
- ❖ Non usar secador, xa que pode eliminar a acción do produto.



Como complemento ao tratamento, recoméndase realizar a revisión do cabelo húmido co peite específico para lendias cada dous ou tres días, durante 15 días dende a primeira aplicación do tratamento. Revisar sobre todo a noca e detrás das orellas.

Nos nenos menores de dous anos, é mellor consultar sempre co pediatra.

Algo moi importante é que os tratamentos dos piollos non deben empregarse como tratamento preventivo

Un consello xeral: Revise a cabeza do seu neno, de vez en cando, co pelo húmido e cun peite específico para lendias.

Exclusión da escola: Non é necesaria.

Para calquera dúbida, consulte co seu médico ou farmacéutico